

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN “MANAIA”

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º

1.- Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro de conformidade coas previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación: “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento”.

2.- A asociación rexerese polos anteditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º

O enderezo principal e permanente da asociación radicará na rúa de Ramón Cabanillas, 1. Barrantes. 36636 Ribadumia. Pontevedra

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Asemblea Xeral, que terá atribucións para cambiar, tanto o enderezo como os locais, dándolle conta do seu acordo ao organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

Artigo 3º

A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu enderezo social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 4º

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade das persoas socias expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º

1.- Son fins principais da asociación:

- a) Fomentar no ámbito de Galicia a adopción, nacional e internacional, e o acollemento.
- b) Facilitar ás familias galegas axuda para levar a cabo os procesos de adopción ou acollemento.

- c) Colaborar coas administracións públicas para facilita-los procesos de adopción e acollemento.

2.- Para acada-los seus fins, a asociación pode levar a cabo as seguintes actuacións:

- a) Organizar actividades informativas ou de concienciación social que favorezan a adopción e/ou o acollemento.
- b) Convocar xuntanzas de familias adoptantes e acolledoras ou en proceso de adoptar ou acoller.
- c) Celebrar cursos, seminarios, congresos sobre a adopción e/ou acollemento ou temas relacionados con eles.
- d) Dialogar coas administracións para mellora-los procesos de adopción e acollemento.
- e) Exixi-lo cumprimento da Lei en materia de adopción e acollemento, organizando cantas accións ou mobilizacións se estimen necesarias.
- f) Integrarse en organizacións que contribúan á consecución dos fines da asociación.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas socias nin ou-tras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II DAS PERSOAS SOCIAS

Artigo 6º

1.- Poderán ser persoas socias todas aquelas maiores de idade ou menores emancipados con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito que o soliciten á Xunta Directiva.

2.- Os menores de máis de 14 anos non emancipados necesitan o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.

3.- Os acordos de admisión de persoas socias tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º

Dentro da asociación poderán existi-las seguintes clases de persoas socias:

- a) Persoas socias fundadoras, aquelas que subscribiron a acta fundacional.

- b) Persoas socias de número, aquelas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.
- c) Persoas socias honorarias, aquelas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) Xuvenís, aquelas persoas que estean na sección xuvenil regulada no artigo 29 de entre 14 anos cumpridos e 30 sen cumprir que participen na asociación, que estarán integradas na sección xuvenil, se é o caso.

Artigo 8º

1.- A condición de persoas socias pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pagamento de catro cotas.
- c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que pre-xudiquen gravemente os intereses da asociación, logo do expediente disciplinario, con audiencia da persoa interesada.
- d) Por extinción da persoa xurídica ou falecemento da persoa física.

2.- A expulsión das persoas socias nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º

As persoas socias teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informadas da composición dos órganos de goberno e representación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás anteditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
4. Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

As persoas socias honorarias non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero están facultadas para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10º

Son obrigas das persoas socias:

Participar:

1. Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Paga-las cotas que se establezan.
3. Desempeña-los cargos para os que sexan elixidas.
4. Acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación.
5. Acata-lo contido dos estatutos.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º

A dirección e administración da asociación serán exercidas pola Presidencia, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12º

1.- A presidencia será elixida pola Asemblea Xeral entre as persoas socias e o seu mandato durará dous anos. Será asistida nas súas funcións por unha vicepresidencia, que a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.- A presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidi-las sesións que celebre a Xunta Directiva; presidi-las sesións da Asemblea Xeral; dirixi-las deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executa-los acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Asina-las actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto ca secretaría ou persoa da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva estará formada pola presidencia da asociación, unha vicepresidencia, unha secretaría, unha tesourería e un máximo de dez vogais, quedando á decisión da asemblea xeral o número de vogais en cada momento.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación. As persoas elixidas para estes cargos deberán de carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.- A Asemblea Xeral será a competente para elixi-los cargos da Xunta Directiva de entre as persoas socias.

4.- A duración dos cargos será por un período de dous anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

5.- Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Extinción da persoa xurídica ou falecemento da persoa física.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por maioría de dous tercios da Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día da persoa sucesora.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera das persoas integrantes da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre as persoas que compoñen dita Xunta ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, deben estar cubertos como mínimo tres cargos da Xunta Directiva, que exercerán as funcións de presidencia, secretaría e tesourería.

Artigo 14º

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixi-las actividades da asociación.
2. Leva-la xestión administrativa e económica.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral.

5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias.
6. Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novas persoas socias.
9. Propoñer o plan de actividades á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.
11. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano.

Artigo 15°

1.- A Xunta Directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das persoas asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, da metade máis unha das persoas que a componen e, en todo caso, da presidencia ou vicepresidencia e a secretaría ou persoa da xunta directiva que as substitúa.

A secretaría ou, no seu defecto, a persoa vogal que a substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 16°

As persoas integrantes da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de persoas socias que acorde a Xunta Directiva.

Artigo 17°

A Asemblea Xeral de persoas socias é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódalas persoas integrantes desta. A presidencia e a secretaría da asemblea serán a presidencia e a secretaría da Xunta Directiva.

Artigo 18°

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% das persoas socias. Neste último caso realizárase por medio de escrito dirixido á presidencia, autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19°

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente cada ano dentro dos seis primeiros meses. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola presidencia da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da asociación e por correo electrónico ou calquera outro medio telemático.

Artigo 20°

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aproba-lo plan de actividades.
2. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
3. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 21°

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modifica-los estatutos da asociación.
2. Elixir e cesa-las persoas integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la confederación con outras asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da asociación.
6. Designa-los liquidadores.
7. Ratifica-la expulsión de entidades federadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aproba-lo regulamento de réxime interno.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar á súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 22°

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis unha das persoas socias na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de persoas asistentes, pero, en todo caso, coa presenza da presidencia ou vicepresidencia e a secretaría ou a persoa integrante da xunta directiva que a substitúa.

Artigo 23º

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple das persoas asistentes ou representadas, excepto os relativos aos apartados do 1 ao 7 do artigo 21o, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao a presidencia e a secretaría da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría das persoas socias presentes.

Artigo 24º

Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódalas persoas socias, incluso ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine a presidencia. Seguidamente procede-rase por parte da secretaría á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, a secretaría procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado pola persoa integrante da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e á aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 25º

Os acordos que vaian contra os estatutos ou infrinxan os fins da asociación, poderán ser recorridos ante a asemblea xeral, sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria

Artigo 26º

1.- A secretaría recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de persoas socias e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notifica-las convocatorias, custodia-las actas e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente. A secretaría tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2.- Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da secretaría, a presidencia designará entre as persoas vogais a unha que desenvolva esta función.

Artigo 27º

1.- A tesourería recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

2.- A tesourería ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición das persoas socias da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.

Artigo 28°

As persoas vogais terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Artigo 29°

Mediante acordo da Asemblea Xeral constitúese unha sección xuvenil, á que se incorporarán asociados e asociadas que cumpran os requisitos establecidos na Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e do Real decreto 397/1988, de 22 de abril, polo que se regula a inscrición rexistral de asociacións xuvenís.

Para formar parte da sección xuvenil é necesario ter 14 anos cumpridos e 30 sen cumprir.

Esta Sección Xuvenil terá autonomía funcional e organización propia para os asuntos especificamente xuvenís.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29°

A asociación no momento de inicia-las súas actividades carece de patrimonio. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 30°

A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado pola tesourería da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 31°

A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas das persoas socias.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.

3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 32°

A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender ás necesidades da asociación.

Artigo 33°

Anualmente, con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas socias, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 34°

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria unha única sinatura de calquera das persoas designadas pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 35°

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección das persoas integrantes da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 36°

Os estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes das persoas socias asistentes. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 37°

A asociación disolverase voluntariamente por acordo das persoas socias adoptado polas 2/3 partes das asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 38°

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará á xunta directiva para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 39°

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra entidade non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións acordadas na Asemblea Xeral celebrada en data 24 de febreiro de 2018 seguindo o procedemento establecido nos propios estatutos.

Pontevedra, 28 de febreiro de 2018

M^a Olga Álvarez Sánchez
A Secretaria